

# PREINSCRIPCIÓN 2022-2023

**PRAZO DO 1 AO 31 DE MARZO DE 2022**

**PARA FACER A PREINSCRIPCIÓN (NOVOS/AS USUARIOS/AS DOS SERVIZOS).**

## **1. USUARIOS/AS CON ACCESO A INTERNET**

**1-a: Acceder á páxina web do concello:** [www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal) premendo no enlace que lle levará á páxina [www.conciliames.gal](http://www.conciliames.gal) onde solicitarán a clave de usuario e o contrasinal no apartado correspondente, ou accedendo directamente á [www.conciliames.gal](http://www.conciliames.gal).

**1-b: Cubrir a solicitude de preinscrición.** Opcionalmente pódese calcular o custo dos servizos. Este cálculo será orientativo e quedará suxeito á comprobación do expediente por parte do departamento de educación.

**1-c: Imprimir, asinar e presentar a solicitude de preinscrición en rexistro.**

Sexa cal sexa a opción elixida das que se ofrecen a continuación, só se poden presentar copias auténticas<sup>1</sup> ou orixinais da documentación requirida.

**Opción 1:** *Rexistro telemático a través da sede electrónica do concello (<https://sede.concellodeames.gal/es/>)*

A solicitude deberá vir asinada electronicamente polos dous proxenitores do usuario/a do servizo, salvo que se ostente a custodia en solitario en cuxo caso só asinará ca súa sinatura electrónica o/a proxenitor/a custodio/a.

*A documentación que se achegue ca solicitude e que o Regulamento estableza que teña que ser un orixinal ou copia compulsada, antes da súa presentación polo rexistro telemático, deberase conseguir unha copia auténtica de dito documento.*

**Opción 2:** *Oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello de Ames:*

Deberá presentarse unha copia auténtica da solicitude que deberá estar asinada polos dous proxenitores do usuario/a do servizo salvo que se ostente a custodia en solitario, en cuxo caso só asinará o/a proxenitor/a custodio/a.

As oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello de Ames están localizadas na casa do Concello en Bertamiráns e nas oficinas municipais do Concello en Milladoiro. Para acudir a ditas oficinas, solicitarase cita previa a través da sede electrónica do Concello de Ames.

**Opción 3:** *Calquera outro rexistro ao que se refira o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das AAPP.*

**Nota: Os arquivos presentados de forma telemática deberán vir firmados dixitalmente por todos os proxenitores.**

1. Terán a consideración de **copia auténtica** dun documento público administrativo ou privado as realizadas, calquera que sexa o seu soporte, polos órganos competentes das Administracións Públicas nas que quede garantida a identidade do órgano que realizou a copia e o seu contido. As copias auténticas terán a mesma validez e eficacia que os documentos orixinais. (Artigo 27.2 LPAC)

## 2. USUARIOS/AS SEN ACCESO A INTERNET

Poderán realizar os trámites 1-a e 1-b do apartado anterior no Departamento de Educación, situado no **Pazo da Peregrina**, ou na **Oficina Municipal do Milladoiro**, para o que deberán solicitar unha cita no teléfono **981 891 476**.

Unha vez realizado o trámite 1-a e 1-b deberán realizar o trámite 1-c, podendo escoller de entre as tres opcións posibles a máis axeitada as súas circunstancias persoais.

## 3. ADEMAIS, NO CASO DA PREINSCRICIÓN NA REDE MUNICIPAL DE COMEDORES ESCOLARES

Ademais de dita solicitude, deberán achegar o **formulario de baremación** e a documentación necesaria para a valoración. A información está dispoñible no Departamento de Educación e na páxina [www.conciliames.gal](http://www.conciliames.gal)

Para a comprobación de datos tributarios da unidade familiar é necesario que todos os **membros da unidade familiar maiores de idade** asinen a autorización de solicitude de datos tributarios á axencia tributaria do exercicio 2020. No caso de que se presente polo rexistro electrónico dita autorización debe ser asinada electronicamente.

**Para que a preinscrición sexa efectiva é condición indispensable estar ao día no pagamento dos servizos do Concello de Ames, e en xeral non ter débedas co Concello.**

Unha vez publicadas as listas dos/as nenos/as inicialmente admitidos/as, será necesario formalizar a matrícula no prazo fixado para ese fin e pagar a taxas correspondentes, momento no cal poderán solicitar a BONIFICACIÓN DE TAXAS e entregar a documentación necesaria segundo o caso.

## **INFORMACIÓN:**

NO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN (PAZO DA PEREGRINA). Telf : **981.891.476** ou no correo electrónico [educacion@concellodeames.gal](mailto:educacion@concellodeames.gal)

## **IMPORTANTE:**

OS USUARIOS/AS ACTUAIS FIXOS/AS DE COMEDOR, BOS DÍAS COLE E TARDES DIVERTIDAS DEBERÁN FACER RENOVACIÓN DA PRAZA.